



Tríptico Teresa

Vicente Araguas¹

O corazón a salvo

Cada vez máis limpo de incertezas,
cando os ríos poñen cara de non facer
nadiña (talvez segue viva a casa
e o que representa),
vou apostar polo mar:
espejo de mi corazón
tes cantado tantas veces, momentos
contritos se subir ao periquito
do Coto (non me poñades Couto
correctores da lingua tallada)
é aloumiñar o ceo coa mesma calma
con que te ías indo,
ías marchando, lóxica
impecable, maneira
de morrer, tan de sosego, tan certa
ou certa que poño
no teu corazón o albo
branco como semella a morte,
nidio, *target* que me reservo
para cando vaia contigo. Contigo.

¹ https://gl.wikipedia.org/wiki/Vicente_Araguas; <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/vicente-araguas>.

De Schubert a *Serenata*

Se cantarolo coa boca pecha
vén onda min un parolar
de calandras, o aire fresquiño
dunha mañá de estío moi fresco
nas Aceas. Ou cantarolo calandras
ou planto prantos abertos, desboto
outras músicas, senón ese piano
mudo, agardando que veñas, sonámbula,
a lle erguer a tapa, limparlle
os dentes con perborato, deixar
que o pasado nos mire
de vez, como fan os miúdos
cando bisbisan e ollan
para nós con ollada impasible.

Se tornar

Un día destes, cando as flores
falen por nós e as árbores
decidan cousa facer
sen que ninguén as roube
teño de volver mirarte, lachenas
e chineiros con tanto
ir e vir tan teu, agora que non estás
mais que na breve calor dun outono
estraño, raro,
e miro as miñas mans
e vexo as túas,
redes azuladas, pencas mariñas,
onde estás, onde te metes, que vexo
o teu ollar porque me mira.